



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 20 DE DECEMBRO DE 2018**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do vinte de decembro de dous mil dezaoto, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os Sres. concelleiros: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; D. José Ramón González Ledo; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D<sup>a</sup> Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Non asiste D. Enrique J. Oubiña Lago

Actúa como Secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

### **1º.- ACTAS ANTERIORES**

Dáse conta á Corporación da acta da sesión correspondentes á extraordinaria celebrada con data 5 de xullo de 2018.-

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer ás mesmas e non realizándose observación algunha a mesma é aprobadas por unanimidade na forma en que están redactadas.

### **2º.- APROBACIÓN CONTA XERAL.-**

Neste punto da Orde do día dase conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ó exercicio de 2017, que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada con data 8 de outubro de 2018, e exposta ó público polo prazo regulamentario, mediante anuncio insertado no B.O.P. Nº 204 de 23 de outubro de 2018, sen que se presentaran reclamación algunha contra a mesma, polo que procede sometela á aprobación do Pleno.-

Dase lectura ó resumo da mesma, sendo os datos do Remanente de Tesourería a data de 31 de decembro de 2017 os seguintes:

Fondos líquidos na Tesourería a final do exercicio:	1.472.055,73 €
Debedores pendentes de cobro ó final do exercicio:	1.188.854,31 €
De Orzamento corrente	608.578,73 €
De Orzamentos pechados	562.090,38 €
De operacións non orzamentarias	18.185,20 €
Obrigacións pendentes de pago ó final do exercicio	180.683,58 €



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- De Orzamento corrente	6.425,59 €
- De Orzamentos pechados	36.498,50 €
- De operacións non orzamentarias	137.759,49 €

Remanente de Tesourería total	2.480.226,46 €
Saldos de dubidoso cobro	- 552.812,88 €
Exceso de financiación afectado	154.047,49 €
Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.773.366,09 €
Remanente tesourería a incorporar a exercicio seguinte:	
Remanente a incorporar obrigatorio para gastos xerais:	72.736,07 €
Remanente a incorp. obrig. para gtos con financ. Afectada:	490.220,39 €

**Remanente de Tesourería total** **1.210.409,63 €**

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e explica que aínda que é un documento contable, a postura do grupo municipal do P.P. é en contra porque reflicten os gastos do equipo de goberno e a súa xestión; que xa o manifestaron na aprobación do presuposto correspondente a ese exercicio.- Engade que non están de acordo por diversos motivos: hai incremento de gastos de persoal do equipo de goberno, se inviste menos en servizos sociais, máis festas,... En definitiva di que non están de acordo en como se administra os ingresos públicos.

Intervén a Sra. Martínez Troncoso preguntando en que cantidade se incrementa os gastos do equipo de goberno respecto do orzamento.- A Sra. Peña contesta que non di que se incrementaría respecto do presuposto senón que se incrementou no presuposto respecto ao que se gastaba nas lexislaturas que ela gobernaba a súa lexislatura.- Remata dicindo que é a postura do seu grupo.

A Sra. Martínez Troncoso indica que veñen dicindo o mesmo ano tras ano, se ben aclara que os gastos en servizos sociais son máis que na etapa do P.P. e está detallado no orzamento e na conta.

Intervén o Sr. Alcalde, e di que non vai a valorar nin dar a súa opinión sobre a postura que adopta o P.P.- Di que a xestión que se ven facendo da como resultado un bo traballo para os veciños; entende que non estean de acordo, pero o equipo de goberno está satisfeito coa xestión que lles leva a manter un trato directo cos veciños.

Toma a palabra novamente a Sra. Martínez Troncoso, e di que os gastos do equipo de goberno son menos que antes, xa que antes había persoal de confianza aínda que non figurara directamente no orzamento municipal (pero que sí percibían diñeiro público) como era a Sra. Álvarez Ares ou o Sr. Mougán Rey como agora pasa coa Sra. Peña Muñiz ou o Sr. Serantes Álvarez que perciben retribucións ou dietas da Deputación.-

Rematadas as intervencións se somete a consideración a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2017, co seguinte resultado:

Seis votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e seis votos en contra (P.P.), obténdose empate.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Sometido o asunto novamente a votación se obtén o mesmo resultado, e segundo o establecido no artigo 46.2 d) da LBRL e artigo 100.2 do ROF, queda acordado: 1º.- Prestarlle aprobación á Conta Xeral correspondente ó Orzamento de 2017, dándose por enterada do informe sobre cumprimento de estabilidade orzamentaria emitido; 2º.- Que se proceda á súa remisión ó Tribunal de Cuentas, Consello de Contas de Galicia e ó órgano correspondente da Comunidade Autónoma.-

### **3º.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS 2/2018.-**

Dáse lectura á proposta da Alcaldía de expediente de modificación de créditos incluídos no Presuposto de 2018, financiado con cargo ao Remanente de Tesourería dispoñible e con baixas noutras partidas, por terse producido gastos que non se poden aprazar.

Da conta que as partidas que se pretenden incrementar son as relativas á aportación municipal que lle corresponde a este Concello na obra de "Mellora en alumeados públicos e que resultou subvencionada parcialmente polo IDEA, así como a mellora en parques, medioambiente e saneamento, aportación á Mancomunidade e obras para instalación da wifi, así como varias partidas de gastos xerais: reparación e mantemento, subministros varios, traballos xurídicos, urbanísticos e outros e pequenos investimentos e reparacións.

O importe total do expediente ascende á cantidade de 251.350,00 euros, dos que 201.850,00 euros son con cargo ao remanente de tesourería e 49.500,00 € por baixas doutras partidas.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e di que se lles informa que va a levarse a pleno un expediente de modificación de crédito porque hai que aprobar a aportación municipal á obra subvencionada polo IDAE e logo cando se trae se aproveita para meter outras cousas con las que non están de acordo.

Que ve razoable que se fixera só para iso, pero non que aproveitando se incrementaran máis partidas que suman 110.000 € a maiores.

Engade que isto demostra falta de previsión; que o equipo de goberno non ten as ideas claras cando fan o presuposto e actúan aprobando expedientes de modificación o que demostra que cando aproban o presuposto non se ten en conta as previsións.- Continúa dicindo que dende setembro hai catro técnicos e iso non é porque haxa máis obras civís e lle sorprende porqué se contratou un técnico para outros traballos.

Respecto ás obras de melloras en cemiterios di que inicialmente no orzamento figuraban 30.000€ e na modificación de crédito aprobada en setembro se incrementou en 50.000,00 euros e agora outros 6.000 € e o que demostra improvisación e que ven actuando a salto de mata.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Tamén aparecen unha aportación á Macomunidade e por obras Wifi que xa deberían estar previstas inicialmente na súa totalidade.

Sorpréndelles que se financia con cargo a outras partidas: 30.000€ que foi destinada a emprendedores. Se aprobou en abril e vese que é as medidas acordadas foron un fracaso porque non se acolleu ninguén e iso é porque non se tiveron en conta as necesidades reais; que o seu grupo xa dixo que as contías podían ser maiores e tamén criticaron que os empresarios tiveran que estar empadroados xa que iso podería non axudar moito na implantación de empresas; que cando se adopta unha medida deste tipo non ten que ser solo para saír do paso senón para saber cales son as necesidades das empresas e traballadores.

Remata dicindo que o seu grupo votarían a favor se o expediente se aprobara só por algo que xurde sen poder ter previsión inicial (como o do IDAE) pero non para gastos que se fixeron a maiores por falta de planificación, e aclara que se van a absterse por responsabilidade no de axuda do IDAE.

Intervén a Sra. Martínez Troncoso para preguntar se antes de 2015 se facían expedientes de modificación.

Aclara que na Xunta de Portavoces non se dixo que fora só para o de IDAE senon que aproveitando que había que facelo por ese motivo se ía a incluír outras cousas que xurdiron.- Respecto aos gastos xerais que se inclúen explica algúns dos motivos xurdidos como é a factura de avogados polo asunto de Manuel Doce, que houbo varias avarías moi importantes no camión de lixo e no tractor (que nalgún caso só a peza costou 3.000 euros), entre outros.- Que non se contaba co incremento de gastos de correos pola posta en funcionamento do servizo de recadación ou o programa do plan personalizado de pagos e outros módulos.-

Dí que a Mancomunidade non mandou a liquidación de gastos do Obradoiro ata este mes de decembro.- Que alégrase que por primeira vez recoñeza que hai tres técnicos municipais máis que antes e non é un asesor urbanístico.- Sobre este tema explica que pola obra do IDAE houbo que facer un traballo de campo revisando cada un dos puntos de luz do concello.

Pregunta se é capaz de dicir que todas as obras que se fixeron anteriormente os proxectos foron redactados e asinados polo técnico municipal (os proxectos do auditorio, campo de fútbol, tanatorio,...) e aclara que o técnico municipal non asinaban todos os proxectos.

Explica que no cemiterios se fixeron obras fora e a petición veciñal se fixo algo a maiores e por iso incrementouse a partida.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Respecto á financiación do expediente explica que parte se financia reducindo partidas que non se utilizaron ata a data; que a Sra. Peña critica que se dea de baixa a partida de axudas a emprendedores (aínda que non fixo ningunha proposta ao respecto na comisión informativa), pero aclara que se da de baixa porque non se solicitaron axudas; lle lembra á Sra. Peña que dos 2,4 dos 2,4 millóns de euros que a Xunta puxo a disposición dos galegos para pedir créditos de rehabilitación de vivendas só se gastou 11%.- Remata dicindo que polo menos agora os emprendedores teñen a oportunidade de obter axudas e cando gobernaba a Sra. Peña non a tiñan.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e respecto á baixa da partida de 30.000 € de axudas a emprendedores; primeiro hai que creala e se hai que cambiar a partida non pasa nada e se consideran que hai que ter máis técnicos para atendes aos veciños e para facer un traballo de campo e para facer unha auditoría enerxética pola axuda do IDAE, pois hai que contar con eles; respecto ao tema das obras da Wifi di xa se lle puxo solución.

Di que non entende que se critique e se acuse de falla de previsión cando se modifican 10.000 ou 20.000 euros en partidas de gastos correntes (cando houbo posta en funcionamento de novos servizos coma recadación ou avarías importantes en maquinaria) e non se critique cando un proxecto de 3,7 pasou a 5,8 millóns (coma foi o caso da Pousada).

Explica que algúns dos casos que supuxeron un gasto de avogados viña da súa etapa; lamenta que no anterior acordo de modificación de créditos polo asunto dos cemiterios votaran en contra.

A Sra. Peña Muñiz, di que iso é mentira e falsean información.- Que non votaron en contra de facer as obras dos cemiterios senón que están en contra da forma de gobernar e de como fan as cousas.

O Sr. Alcalde insiste en que non pode criticar cando está defendendo o incremento de presuposto na Pousada e que se fixeron obra dos cemiterios e ela votou en contra.

A Sra. Peña Muñiz continúa dicindo que non votaron en contra dunha obras do cemiterio, senón das formas e alega que para comprobalo están as actas.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría de seis votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e seis abstencións (P.P.) acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 2/2018, de suplemento de créditos e créditos extraordinarios financiado con cargo ó Remanente de Tesourería, por un importe total de 251.350,00 euros e co resumo que consta no expediente.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

SEGUNDO. Expoñer este expediente ó público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por espazo de quince días, durante os cales os interesado poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; no caso contrario o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

#### **4º.- DESIGNACIÓN REPRESENTANTE NO CONSELLO ESCOLAR.-**

Dáse de conta do escrito recibido polo colexio CPI Julia Becerra Malvar na que solicita un representante do Concello no Consello Escolar. E a proposta é que continúe con esta asignación a Concelleira María del Mar Rey Pérez.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda, designar como representante no Consello Escolar a M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez.

#### **5º.- CONVENIO COA FEMP PARA A XESTIÓN E RECADACIÓN DE MULTAS.-**

Dáse conta do Convenio Marco da FEMP para a xestión e recadación de multas de tráfico e das condicións da adhesión á Central de contratación da FEMP.-

Da conta deste punto a Sra. Martínez Troncoso, e di que trátase de que o Concello se adhira á central de contratación da FEMP e asine un convenio que ven coma consecuencia de que o Concello asumira a recadación directa das taxas, impostos e tributos municipais.-

Explica que hai que facer a adhesión ao convenio coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). O obxecto do convenio é a asistencia técnica e a colaboración na xestión e recadación en vía voluntaria, xa que pola vía executiva xa se pasaría á Axencia Tributaria Galega.- Que con esta adhesión se reduce a tramitación administrativa, e xa non habería que sacar a adxudicación do servizo a licitación, que así se delega a xestión das multas, a contratación é electrónica e permite emitir informes periódicos.

Explica o pasos que hai que realizar: Adhesión á central de contratación da FEMP; designación usuario para a xestión do contrato dende a plataforma informática; e formalización do contrato unha vez este aprobado.- Di que unha das características importantes desta empresa é que vai cobrar o 18% sobre o que se recade, mentres que o convenio que había asinado co ORAL implicaba pagar un 4% sobre a recadación por sanción e despois a parte polo servizo de colaboración da xestión cobraban un 13%, é dicir un total do 17%, pero aplicábase sobre as bases impositivas dos tipos de gravame, independentemente de si se cobraba ou non.- Que o prazo é de 24 meses prorrogable ata un máximo de 4 anos, e inclúe a xestión completa.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Engade ademais, que teñen un servizo de atención telefónica ao cidadán a parte o que ofrece o persoal do concello. E favorece ao persoal do concello a aplicación informática que xa ven co programa e a formación e garante que no período que este en vixencia o convenio non se pode incluír ningunha revisión de prezos.

O Sr. Serantes Álvarez indica que convén explicar que este convenio marco se trae coma consecuencia de ter abandonado o servizo de recadación do ORAL que ven prestando servizo á práctica totalidade dos Concellos da provincia, con unha gran acollida.- Que ese servizo é beneficioso para o Concello e que consegue cobrar o que corresponde e a todos os veciños por igual; que ademais viña dando adiantos mensuais da recadación e iso sempre ven ben; que ten infraestrutura, unha plataforma informática adecuada, oficinas e persoal axeitados para o servizo que presta.

Engade que o grupo de goberno decidiu rescindir unilateralmente o convenio coa excusa de aforro pero non hai máis que ir ao expediente anterior para ver que non é así. Os 110.000 € son para outros gastos: correos, plataformas informáticas, etc.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que o asunto da modificación de crédito xa se votou e pide que se ciña ao punto da orde do día.

O Sr. Serantes Álvarez continúa dicindo que se trae un convenio igual que outros que se trouxeran (catastro, ATRIGA, etc.) xa non sabe que persoal hai pero seguro que se quedará corto

Que non se ve o aforro. Pero é que ademais e que o gasto se incrementa e o beneficio de xestión de multas vai a ser máis caro. Entre un 18% e 21% en executiva e iso é máis caro que co ORAL; que o persoal de recadación vai ter que atender a 3 ou 4 convenios para levar a xestión da recadación.

Que o equipo de goberno vendeu como un beneficio o Plan Personalizado, aínda que o ORAL xa ofrece o fraccionamento; que todo isto vai dificultar a labor de traballadores da oficina en Recadación. Está por ver o resultado pola dificultade que se lle pon ao persoal de recadación con tantos convenios e aínda que van estar a favor poñen en dúbida a xestión directa de recadación.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, non se foi unilateralmente porque a Deputación o aprobou.

Di que ten solicitado ao persoal de recadación que lle pasen datos das porcentaxes de recadación; que hai que agradecerlle o seu labor nun servizo e convenios complicados. Ese persoal (algunha traballou xa no ORAL) non incrementou o persoal e incluso seguen levando os temas que xestionaban antes como por exemplo, permisos animais perigosos, augas, limpeza de fincas, catastro,... Ao principio parecía que se ía a caer o mundo pero agora coas plataformas informáticas se favorece.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Continúa dicindo que os adiantos de tesourería non se necesitan. O ano pasado se lle pagou o 90.000 € e hai dous anos 109.000 € pola xestión.

Di que polo que sabe hai concellos que se están pensando seguir no ORAL. Ao P.P. lle pode interesar que se siga no ORAL porque na súa lista hai varios traballadores do ORAL.- Que os veciños están contentos aínda que hai erros como en todos os sitios, se hai erros se corríxen.

Explica que a primeira vez que se remitiron as notificacións ao veciños moitas foron mal porque a base de datos que pasou o ORAL tiña moitas direccións erróneas; que aquí o persoal se molestou e se identificou as persoas coas direccións correctas.

Da un avance da porcentaxe de recadación a data 31 de outubro o porcentaxe de recadación foi:

No IVTM foi do 87,73% e o ORAL no 2017 foi 82,94%.

No Lixo do 2º semestre 2017 87,16% e o ORAL 82,45%

No IBI 83,58% e o ORAL 81,31%.

En resumo, a 31 de outubro en porcentaxe levan recadado máis e aforrado máis porque non se incrementaron os gastos ata eses 90.000 € que se lle pagaba ao ORAL.

Toma a palabra o Sr. Serantes Álvarez e di que o ORAL que ten unha plataforma especializada e persoal especializado, pero o Concello de Ribadumia é máis listo que ninguén e se sae dese servizo e resulta que din que cun persoal que se dedica a facer de todo e vai levar a recadación con plena eficiencia e atendendo a 4 convenios diferentes. Se vai facer un seguimento e se terá os resultados. O custe será maior.

Di que ademais o Concello perde os beneficios como son os de ter unha asesoría como conta o ORAL para xestionar as incidencias e que para a recadación en executiva non hai oficinas.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e aclara que en Ribadumia o ORAL non ten oficina; e remata dicindo que de todas formas non se gasta tanto no Concello como cando estaba o ORAL; que sae máis barato.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que o feito de que o P.P. que vote a favor quere dicir que comparte moitas cousas.

Que cando o Concello saíu do ORAL non contaba co apoio do P.P. , pero se tomou a decisión porque hai argumentos que o xustifican.

Os veciños cada día están máis contentos, e se percibiu que podía haber aforro. Igual que coas obras do IDAE se pode aforrar case en 70.000€.

Os veciños teñen a oficina no Concello, no ORAL a máis cercana era en Cambados, houbo veciños que foron a Cambados e que lles trataron mal, que o trato cambiou e foi penoso. Se ten influencia no servizo do ORAL que o transmita.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Que sabe que hai concellos que están interesados en cambiar pero non o farán ata despois das eleccións; que é unha decisión valente empezar de 0 porque pode supoñer erros, todos eses pasos foron bos e cando houbo erros se subsanaron. Eles loitaban para que isto saíra mal e os veciños están felicitando o cambio.

Que o ORAL se pasou ao Concello uns 50 expediente sen solucionar e que tiñan presentado os veciños dende hai tempo.- Invita ao Sr. Serantes que cando queira pode pasar polo Concello e se lle ensina o análises.

Di que se intenta dar solución aos problemas; que o P.P. pretendía que se o servizo saíra mal o equipo de goberno perdera credibilidade pero seus parabéns para o servizo coas datos que se ten adiantado e se vai mostrar o resultado a todos os veciños.

Hai poucos concellos que poden poñer a punto un servizo de recadación con estes resultados; que hai que valorar a cercanía ao veciño; que se pode solucionar no momento de que haxa algunha cuestión en catastro que se tarda máis. É unha decisión política difícil, pero están contentos co traballo non todos queren asumir o risco.

E por último con respecto da modificación quere deixar clara que os técnicos son para dar servizo aos veciños e non como os 80.000 € que cobran o Sr. Serantes e a Sra. Peña que non dan servizo aos veciños.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

**PRIMEIRO.-** Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministros que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marcos que se subscriban entre dita entidade central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

**SEGUNDO.-** Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigas das Entidades Locais.

**TERCEIRO.-** Contratar a través da FEMP o servizo de asistencia técnica e colaboración para a xestión, recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico.

**CUARTO.-** Remitir o presente acordo á Federación Española de Municipios y Provincias aos efectos oportunos.

**6º.- MODIFICACIÓN DE BASES DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E CLUBS.-**



ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

Comenta o punto a Concelleira Martínez Troncoso e di que convocarase dende o equipo de goberno aos representantes das entidades para valorar a posibilidade de facer algún tipo de modificación nas bases.

Que tanto nas culturais como deportivas houbo un par de propostas; que se conseguiu o consenso entre todas as asociacións e houbo outras que non se acadou o consenso e xa se lles explicou o porqué non se traen as propostas.

Continúa explicando que se mantiveron moitos dos puntos das bases anteriores: que para facer a solicitude teñen 60 días naturais; non se subvencionan actividades do Concello ou outras asociacións nin gastos de excursións nin comidas; e nas culturais se mantivo a maneira de valorar, pola contra nas deportivas houbo certas discrepancias.

Unha asociación deportiva suxería que non se tivese tan en conta os números de socios e que se valorara máis as fichas. Pero que esa puntuación só implicaba o 10% dos 450 puntos que hai. E ao final todas estiveron de acordo en manter esa puntuación.

Tamén se modificou que excepcionalmente se poida valorar e presentar actividades que non se incluírán na memoria inicial porque non se tiña prevista facer para ese ano.

Se propuxo un procedemento de repartir primeiro o 85% da partida e logo o 15% restante e aínda que no P.P. o criticou en pleno nas entidades houbo unanimidade.

Engade tamén que as entidades pediron que había posibilidade dun adianto sobre un 25% unha vez que se aproban as axudas para que nos meses de maio e xuño xa teñan certa liquidez.

Toma a palabra o Sr. Serantes Álvarez, e di que lle asiste ao dereito a defenderse á alusión dun membro do goberno; que é un intento de ataque persoal; que ao mellor a el lle costa argumentar os puntos entón as veces se ten que ir polas ramas, eso tamén lle pasa a outras persoas como por exemplo ao Alcalde que pleno tras pleno se refire ao seu posto de traballo e que o Alcalde nunca vai poder desempeñar, porque carece da formación para poder referilo.

O Sr. Alcalde pide que se ciña ao punto.

Continúa o Sr. Serantes Álvarez, ten que expoñer dunha forma amplía. O Alcalde se refire a un ou outro membro do P.P. cando ao mellor é a persoa menos indicada a falar por como acadaron o seu traballo el ou a súa familia.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, lle falta ao respecto aos seus compañeiros.- Responde que el non é un enchufado como o Sr. Serantes ou parte do seu equipo. Para estar sentado como concelleiro lle falta o respecto aos veciños.

O Sr. Serantes dí que todos se coñecen e o Sr. Alcalde trae a todas a sesións o tema do seu soldo; o Sr. Alcalde le insiste en que se ciña ao punto ou lle retira a palabra.

Rematadas as intervencións, o Pleno municipal por maioría de seis votos (I.R. e PSdeG-PSOE) acorda:



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

1º.- Prestarlle aprobación á modificación das bases reguladoras da concesión de subvencións municipais a Asociacións e Entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Ribadumia, do teor literal que se indica a continuación; e

2º.- Que se expoñan ó público as mesmas a efectos de reclamacións, durante o prazo de trinta días e consideraranse definitivamente aprobadas se no devandito prazo non se presenta reclamación algunha contra as mesmas.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-